Trasalba, Ourense 15 do outono 1959

Sr. Dr. Ant.º Fráguas Fráguas

Meu querido amigo:

Apertas. Inda non tiven vagar pra darlle a nora-
boa. En Compostela estará Vde como o peixe na auga, o abade na reitoral,
a pedra na sortella. Falaremos da miña xeira nos patentes. Veño satisfei-
to. Coido que non foi valeira pra a nosa Idea. A primeira mostra de
"Historia" sufragada por Puente, é dicir o primeiro volume, debe sair
e non sin tempo - houbo mil dificultás - polos derradeiros diste
ano ou no xaneiro do 60 a mais tarde.. Convén traballar nese
tempo tan interesante da Guerra dos Franceses a cárrego de Vde.
pois se non levará un orde cronolóxico despois da Prehisto-
ria podendo sair as tomas arreo un se vaian rematando.
Temos un louro outono que estamos arruinadiños polo pedrazo do
29 de agosto, día da "decollatio" de San Xohan. Mirexando dar unha
volta por ísas vías. Santos na casa. Hoxe están de Festa Maior

E apertas do vello amigo

Ramón Otero Pedrayo